

## **RESOLUCIÓN do 25 de marzo de 2025 pola que se convoca un curso de instrutor de tiro e técnico de armamento, dirixido a persoal dos Corpos da Policía Local de Galicia.**

Aprobado o programa anual de actividades para o ano 2025 da Academia Galega de Seguridade Pública (Agasp) polo Consello Reitor e de acordo co establecido no artigo 9.2.b) da Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, da Agasp, convócase un curso de instrutor de tiro/técnico de armamento, de acordo coas bases e características seguintes:

### **1. Datos da actividade.**

Denominación: Instrutor de tiro e técnico de armamento.

Tipo: curso.

Edicións: 1.

Horas lectivas: 60.

Modalidade: 40 horas teórico-prácticas na sede da Agasp e 20 horas lectivas impartindo docencia no plan de adestramento coa arma regulamentaria da Agasp baixo a supervisión do persoal instrutor da Agasp.

### **2. Obxectivos:**

- Controlar adecuadamente o estado, o uso e o mantemento das armas de dotación de cada cadro de persoal.
- Establecer e desenvolver os programas de tiro de cada concello, segundo as necesidades do seu persoal.
- Intervir na adquisición da munición para a realización das prácticas de tiro de cada concello.
- Adquirir coñecementos sobre o manexo e funcionamento das armas orientados á instrución dos/das demais compañeiros/as.

### **3. Contido:**

- I. Normativa sobre armas. Regulamento de armas, concretamente armas prohibidas, clases de armas, licenzas e infraccións. Código penal, armas ilegais, principio de lexítima defensa. Lei de seguridade cidadá infraccións con armas de fogo.



- II. Usos da arma de fogo, balística interna e externa. Diferentes calibres e balas, puntas de alta deformación semibrindadas e brindadas. Características.
- III. Teoría das armas, semiautomáticas, de repetición e manuais, armas de avancarga e retrocarga. Especial referencia ás armas de caza.
- IV. Documentación e procedementos para a compra de armas e municións polos concellos.
- V. Caixas de seguridade e medidas de seguridade mecánicas para armas.
- VI. Técnicas de comunicación non verbal e importancia da linguaxe xestual.

### **Formación individual:**

Seguridade no uso de armas de fogo, en solitario e en grupo.

Uso dos elementos de puntaría.

Uso de revólver e pistola.

Empuñamentos, unha man e dúas mans.

Fundas, arma e cargadores.

Tiro en seco.

Uso do disparador, dobre acción e simple acción.

Cadencias de disparo, distancias de tiro, precisión, media distancia, curta distancia.

Cambios de cargador.

Pistola e revólver.

Fogo cunha man, coas dúas e man débil.

Solución de interrupcións.

Disparo en movemento, cara adiante e atrás, esquerda e dereita e oblicuos. Disparo en pé, xeonllo en terra e tombado. Disparo desde vehículo.

Disparo en binomio e en grupo de intervención.

Disparo tras parapeto e desde xanela.

Aproximación ao obxectivo, papel de cada integrante da patrulla. Función do axente que dá seguridade.

### **Formación como formador:**

Instruirase o alumno en diferentes técnicas formativas relacionadas coa formación específica de tiro, incluíndo armas, municións, fundas e demais equipamento individual e de dotación en grupo.

Instruirase o alumno en técnicas de corrección de erros máis habituais durante o disparo.



Instruírse sobre técnicas de aprendizaxe para policía noveis, técnicas avanzadas, utilización da tensión e a competitividade, etc.

#### **Parte de docencia en prácticas.**

No plan de adestramento coa arma regulamentaria que se convoque pola Agasp durante o segundo semestre do ano 2025, instruírse ao alumnado deste curso para a realización de prácticas reais e obrigatorias, baixo a supervisión directa do persoal instrutor da Agasp.

#### **4. Datat:**

- 2, 3, 9, 10, 23, 24, 30 e 31 de maio de 2025

#### **5. Horario:**

- 2, 9, 23 e 30 de maio en horario de 15.30 a 20.30 horas
- 3, 10, 24 e 31 de maio en horario de 9.30 a 14.30 horas.
- Prácticas reais no plan de adestramento con arma regulamentaria do segundo semestre do ano 2025.

#### **6. Destinatarios/as.**

Persoal dos corpos da policía local de Galicia.

Prazas ofertadas: 8

#### **7. Solicitudes de participación.**

Os concellos interesados en que os/as seus funcionarios/as obteñan esta habilitación, deben solicitalo ao Servizo de formación en Seguridade Pública a través do correo electrónico: [formacion.agasp@xunta.gal](mailto:formacion.agasp@xunta.gal) expoñendo as súas necesidades formativas nesta materia xunto co persoal que designan para a realización do curso.

#### **8. Desenvolvemento da actividade.**

1. O curso realizarase nas datas expostas con anterioridade e pode sufrir variacións que serán comunicadas coa antelación suficiente ao alumando.

2. O curso realizarase respectando en todo momento as indicacións das autoridades sanitarias. O uso das máscaras é obrigatorio, así como o mantemento da distancia de seguridade.





3. É obrigatoria a asistencia con puntualidade a todas as sesións do curso, requírese a asistencia para obter á habilitación de instrutor/a de tiro ao 100 % de toda a acción formativa.

Durante a realización do curso levarase un control permanente da asistencia a través dos sistemas que se establezan para o efecto e poderán realizarse controis de asistencia extraordinarios.

4. O alumnado asistirá aos cursos co uniforme regulamentario. No caso de non facelo e non existir causa suficientemente xustificada, a Agasp poderá impedir a asistencia ao curso e non emitirá diploma nin certificado acreditativo ningún.

A Estrada, 25 de marzo de 2025

Santiago Villanueva Álvarez

Director xeral da Academia Galega de Seguridade Pública

